

**Roteiros**

# Ferrol con Carvalho Calero



21 de marzo / 18 de abril

Sábados

## **Saídas**

11:00 h

## **Punto de encontro**

Praza Vella

## **Duración**

90 min.

## **Inscripcións**

info@rexenerando.com

## **Actividade gratuíta**

2020



## **Contidos**

Rexenerando S. Coop.

## **Deseño gráfico**

nadina gráfica

Proxecto impulsado

polo Concello de Ferrol

Marzo de 2020

**FERROL**

## 1. Ferrol, 1910

Este paseo comeza na antiga praza do Marqués de San Sadurniño, no ano en que o cometa Halley atravesa o ceo. Ferrol Vello fala da orixe mariñeira da cidade. Nesta praza mestúrase o mar e o campo. Aquí, unha vez ao mes, celébrase unha feira á que acoden os e as labregas da comarca a venderen o seu produto e mercaren paxes, patelas, peneiras. As rúas están ateigadas de sons, de xente, de vida: abundan as tendas de víveres e efectos navais, as tabernas e os cafés.

O domingo 30 de outubro de 1910 o xornal explica a continuidade da folga de obreiros e forxadores da caldeiraría e da próxima chegada do ferrocarril que unirá Ferrol con Betanzos. Son tempos de articulación do movemento obreiro, de melloras nos medios de transporte; tempos de transformacións sociais e urbanas.

Mais o domingo 30 de outubro de 1910 pasará á historia da cidade por máis motivos. Na rúa San Francisco vén ao mundo Ricardo Carvalho Calero, un galego universal.



Praza Vella



Rúa San Francisco, 51

## 2. No mar do mundo cada día descubría eu unha illa<sup>1</sup>

Gabriel Ricardo Carballo Naya e Dolores Calero Beltrán moraban na rúa San Francisco cando tiveron o primeiro dos seus seis fillos e fillas. Ricardo Carvalho Calero medrou no seo dunha familia acomodada e con estima pola cultura. Veraneaban na Cabana, tiñan amas de cría e palco no Teatro Jofre.

Desde cativo, mostrou unha forte vocación polas letras: lía con empeño novela histórica, teatro ou poemas de Rosalía de Castro. Tiña gabinete e biblioteca de seu, onde lles ensinaba francés aos seus irmáns e irmás. Mesmo escribía breves obras de teatro.

Porén, a infancia de Ricardo tórcese cando conta con nove anos. Súa nai morre no 1919 provocando un golpe brutal á familia. Nos anos que seguen, morrerán tamén a súa tía Elvira e os seus dous irmáns. Estes acontecementos provocan un forte abatemento no seu pai, que abandona os negocios. E tamén en Carvalho Calero, quen xa estaba ateigado da «ciencia da dor» cando aínda era hora do «branco xogar». A familia comeza unha etapa de carestía económica.

---

1 \*Extracto do poema «Ferrol, 1916», de Carvalho Calero.



Rúa Real, 197

### 3. A primeira emoción oratoria<sup>2</sup>

A praza de Amboaxe foi espazo de xogos e crecemento para Carvalho Calero. Na rúa Real estaba situado o Colexio Sagrado Corazón, dirixido polo escritor, xornalista e pedagogo Manuel Comellas Coimbra. Este mestre de ideas renovadoras marcará fondamente o autor, producindo nel a «primeira emoción oratoria». Tamén deixará pegada nel outro mestre, Nicolás García Pereira, primeiro presidente do Partido Galeguista de Ferrol.

Nestes anos mozos contou ademais con outros mestres de vida, como Matías Usero ou Xaime Quintanilla, quen desde a súa sala de conversas na rúa Dolores animará o mozo Carvalho a escribir. Os seus primeiros poemas ven a luz na revista *Maruxa* cando conta con catorce anos.

Con dezaseis anos matricúlase na carreira de Dereito e marcha para Santiago de Compostela. Alí atopará figuras cruciais para a súa madurez, coma a do provocador profesor Luís Recaséns. Estas primeiras experiencias formativas de Carvalho Calero falan dunha educación presidida polo principio de liberdade.

---

<sup>2</sup> Cita de Carvalho Calero para referirse ao seu mestre, Manuel Comellas.

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS



Firma

*R. Carballo Calero*

REGISTRADO CO N.º 14

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

*Don Ricardo Carballo*

*Calero*

*foi nomeado socio ditivo*

*o 29 de abril do 1927*

*Sant-Jago 28 outubro 1931*

O Secretario Xeral

*Sebastião Soares*

Visto Bon  
O Presidente

*J. Labella*



Rúa Real, 177



#### 4. Galiza, célula de universalidade<sup>3</sup>

No 1926 principian os seus anos universitarios, e arranca unha etapa de eclosión persoal e intelectual. O prelo de *El Correo Gallego* publica o seu primeiro poemario, *Trinitarias*, en 1927. Nun curto período de tempo séguenlle *Vieiros* e *O silencio axionllado*, da editora Nós. No 1929 dá a súa primeira conferencia no Centro Obreiro de Cultura de Ferrol, «En torno a las ideas comunistas de Platón».

Salienta a súa implicación no movemento estudantil, como membro da Federación Universitaria Escolar. Desde a súa chegada a Santiago foi membro do Seminario de Estudos Galegos, onde entrará en contacto con membros da Xeración Nós e outros estudantes galeguistas da época. Participa no 1931 na fundación do Partido Galeguista e da redacción do anteproxecto de Estatuto de Galiza.

Ademais, nestes anos coñece á que será a súa compañeira de vida, apoio imprescindible no persoal e no político. A luguesa María Ignacia Ramos foi profesora e escritora, baixo o pseudónimo de María Silgar. Rematada a carreira, volve a Ferrol con ela.

---

3 Extracto do programa do Partido Galeguista. Pontevedra, 6 de decembro de 1931.



 Rúa Cantón Molins, 12

## 5. Como un mundo que agonízase<sup>4</sup>

María Ignacia e Ricardo casan en 1933 e instálanse na rúa Rubalcava. Esta segunda etapa ferrolá está marcada pola intensidade en todos os ámbitos.

Quita a praza de administrativo no Concello de Ferrol e matricúlase por libre en Filosofía e Letras. Proseguen os encontros con persoeiros como Aquilino Iglesias Alvariño. Na política, convértese en presidente do Partido Galeguista de Ferrol e publica o boletín *Erte*. Ao rematar 1935 agarda a chegada da súa primeira filla.

O golpe de Estado sorprende a Carvalho Calero en Madrid, examinándose para profesor. Permanece incomunicado coa familia. Como persoa comprometida coa democracia, alístase no exército de defensa da República. En xullo de 36 entra como voluntario no Batallón Félix Bárzana; en novembro como soldado, no 37 é xa tenente. O remate da guerra cólleo en Xaén, onde é xulgado e condenado a doce anos e un día de prisión. Sente que todo está perdido, embárgao a desolación.

---

4 Cita de *Scórpio* sobre o golpe de Estado do 36 e a aniquilación da República.

BIBLIÓFILOS GALLEGOS  
BIBLIOTECA DE GALICIA  
III

A XENTE DA BARREIRA  
NOVELA

POR  
RICARDO CARBALLO CALERO  
ILUSTRACIONES DE A. PORTELA PAZ



SANTIAGO DE COMPOSTELA  
MCM.LI



Rúa Carlos III, 6

## 6. Como podemos vivir? E mais vivêmos<sup>5</sup>

Carvalho está afundido, mais en 1941 conmútanlle a pena e pode voltar a Ferrol. Mora na rúa Carlos III coa súa muller e a súa filla, á que coñece con cinco anos. Sobrevive baixo liberdade condicional. É un perseguido político. Ten que se presentar mensualmente nos xulgados para selar até a extinción da pena en 1951. Fica inhabilitado para exercer cargos públicos até 1963.

Traballa precariamente como profesor en academias como a Rapariz, nun contexto educativo represor que nada tiña que ver co que el vivira. No 44 o Partido Galeguista reorganízase. Antes do 36 contaba con 3000 militantes; despois, só tres: Ramón Piñeiro, Fernández del Riego e Carvalho Calero.

Nesta etapa a súa produción literaria é alta, a modo de escrita liberadora, aínda que estes textos non verán a luz até anos despois. O primeiro texto publicado por Carvalho despois do golpe de Estado é un artigo do 49 no xornal *La Noche*. No 51 edita *A xente da barreira*, a primeira novela en galego da posguerra. No mesmo ano é chamado para dirixir en Lugo o Colexio Fingoi, un centro renovador e pioneiro na Galiza.

---

5 Extracto dun poema da obra *Reticências*, de Carvalho Calero.



Imaxe: Moncho Rama



Fundaçom Artábria, Travesía Batallóns, 7

## 7. Hei de entrar no meu povo<sup>1</sup>

Comeza unha etapa de luz, na que Carvalho vivirá en Lugo e Santiago cultivando as súas facetas de docente e investigador. Publica a *Gramática Elemental do Galego Común* e a *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, dúas obras clave para a dignificación da lingua. No 71 é nomeado Catedrático de Lingüística e Literatura galega na Universidade, o primeiro da nosa historia.

Coa Autonomía introdúcese o galego no ensino e hai un forte debate sobre como escribir o galego. Carvalho é partidario de restaurar a ortografía histórica que nos aproxima ao portugués, por iso é considerado o «pai do reintegracionismo». Esta escolla custaralle un segundo ostracismo, sendo excluído das institucións oficiais.

Con todo, a súa figura contou cun amplo recoñecemento por parte dos movementos sociais. Entidades como Medulio ou Artábria divulgaron a súa obra e pensamento. En 1990 a Corporación municipal noméao Fillo Predilecto de Ferrol e ese mesmo ano morre con oitenta anos, despois de toda unha vida dedicada ao galego. No 2020 dedícaselle por fin o Día das Letras Galegas.

---

1 Extracto dun poema da obra *Reticências*, de Carvalho Calero.

FERROL

1

2

3

4

5

6

7

